



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (4/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta e catro minutos do día once de febreiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dez horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 28 de xaneiro de 2026
2. Aprobación da relación de facturas núm. 003XOK/2026
- 3.- Solicitud de axuda de emerxencia social
- 4.- Renovación de tarxetas de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 5.- Concesión de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 6.- Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2026

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 28 de xaneiro de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 003XOK/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 03XOK/2026 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	03XOK/2026
Importe total	33.157,08€
Número de facturas e gastos que contén	3
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/115
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/144

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

3.- SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

A Sra. Secretaria-Interventora da conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2026/S009/000003

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social M.C., F.C.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención emitido pola Secretaria en réxime de acumulación en data 09/02/2026, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1 a, c) da OAESM para cubrir as necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección (alimentación), produtos de aseo persoal para a menor da unidade de convivencia en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas, á persoa que responde ás iniciais M.C., F.C. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe máximo de 600 euros. As compras dos produtos básicos de alimentación, de aseo persoal e hixiene doméstica, serán realizadas pola traballadora social do Concello, Patricia Martínez Lago, e se lle fará a entrega á persoa beneficiaria no Concello.
- 2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100
- 3.- Notificar este acordo á persoa interesada.
- 4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

4.- RENOVACIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

4.1 A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais B.R., J.M. con DNI núm. ***9367**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 28 xaneiro de 2026, núm. 202600000000057, o informe favorable da traballadora social do día 29 de xaneiro de 2026 e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais B.R., J.M. válida ata o 03/02/2036, e co núm. 15050-096-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

4.2 A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“ PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais M.B., J. con DNI núm. ***1852**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 03 de febreiro de 2026, núm. 202600000000077, o informe favorable da traballadora social do día 05 de febreiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais M.B., J. válida ata o 10/02/2036 e co núm. 15050-098-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

5.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribeliteralmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola nora da persoa interesada que responde ás iniciais G.G., F. con DNI núm. ***3605**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 29 xaneiro de 2026, núm. 202600000000061, o informe favorable da traballadora social do día 30 de xaneiro de 2026, o informe médico para concesión excepcional e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a concesión provisional da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais G.G., F. válida ata o 03/08/2026, e co núm. 15050-097-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

6.- ASUNTOS URGENTES

Pola alcaldía indícase que o expedientea que se exhiben, atópanse finalizados e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución dos expedientes, propónse previa ratificación da urxencia por **UNANIMIDADE** dos presentes, incluír na orde do día o seguintes expedientes:

6.1 EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2026/C002/000005 DO SERVICIO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

6.2 EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2026/C002/000006 DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS QUÍMICOS PARA O TRATAMENTO AUGA POTABLE,VASO PISCINA E MANTEMENTO EQUIPOS 2026

6.3 EXPEDIENTE 2026/X999/000008 DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DE PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XANEIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda ratificar a urxencia e a inclusión na orde do día dos expedientes propostos.

6.1 A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000005
Órgano de contratación:	Xunta goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	SERVICIO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS 2026 Segundo memoria que consta no expediente
Código CPV:	- 71900000 - Servizos de laboratorio. - 71620000 - Servizos de análise
Orzamento base licitación:	4.070,44€
Aplicación orzamentaria:	342.22799
Prazo execución/entrega:	Segundo consta na memoria técnica
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
Fins institucionais que pretenden satisfacerse	A dita contratación considérase necesaria para o correcto mantemento e seguridade da instalación deportiva municipal que será

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

(competencia municipal):	obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Monfero ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Municipal (fondos propios)

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais ou materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato. O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Tramitar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.1 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CUARTO.- Que se emita informe pola Secretaría-Intervención sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade, **solicítese oferta** ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, **no prazo de 3 días hábiles**, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que **non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo**.

AMBITEGA PLAGAS S.L.

INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.

SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL,S.A3"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

6.2 A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2026/C002/000006	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Subministracións
Obxecto:	SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS QUÍMICOS PARA O TRATAMENTO AUGA POTABLE,VASO PISCINA E MANTEMENTO EQUIPOS 2026 (segundo memoria técnica que consta no expediente)
Código CPV:	24962000-5: produtos químicos tratamento da auga. 50000000 - Servizos de reparación e mantemento.
Orzamento base licitación:	6.349,95€
Prazo entrega:	Catro meses, entrega mensual de acordo coa indicado na memoria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

<i>Aplicación orzamentaria</i>	2026.323.22114 nunha porcentaxe do <u>30,19%</u> 2026.342.22114 nun porcentaxe do <u>69,81%</u>
<i>Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)</i>	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	...Instalacións deportivas(25.2.l da Lei 7/1985) ... mantemento edificios titularidade local... (25.2.n, Lei 7/1985)

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as subministracións / servizos comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución / utilización / aproveitamento de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais ou materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificables tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Tramitar o expediente de contratación referenciado ao principio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe pola Secretaria-Interventora sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- Acreditado que existe crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto segundo consta no documento contable RC de data 11/02/2026, solicítase oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 3 días hábiles, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

ACIDEKA, S.A

JOFISA, S.L.

LINCOLD IBERICA, SL.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

6.3 A Sra. Secretaria-Interventora da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico de referencia:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados pola Secretaria-Interventora en réxime de acumulación a partir dos correspondentes informes da Sra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobación dos padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de xaneiro de 2026, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º PERSONA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSONA USUARIA	TOTAL PERSONAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	35	DEPENDENCIA	2.724,59 €
ALFI	VDL	25	LIBRE CONCORRENCIA	635,88 €

2.- Expor ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de marzo de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cincuenta e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certíficoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)